



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

## CEIP Península da Paz

Ctra. de Río Cobo, s/n Lieiro Cervo

27890 San Cibrao, Lugo 982 59 44 06

ceip.peninsuladapaz@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippeninsuladapaz/>

### FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO/AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS E MATERIAL ESCOLAR Orde do 12 de maio de 2020 (DOG do 19 de maio de 2020)

<https://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippeninsuladapaz/>

#### Destinatarios:

1. **Fondo solidario de libros:** alumnado que se matricule en 3º e 4º E. Primaria. O alumnado de 5º e 6º E. Primaria **non ten dereito**, xa que se usan libros de texto dixitais (E-DIXGAL, implantado no Centro).
2. **Axudas para a adquisición de libros:** alumnado que se matricule en 1º e 2º E. Primaria con renda per capita igual ou inferior a 6.000 € ou inferior ou igual a 10.000 €.
3. **Axudas para a adquisición de material escolar:** alumnado que se matricule en toda a E. Primaria con renda per capita igual ou inferior a 6.000 €. A contía será de 50€.

#### Requisitos:

O alumnado debe ter devolto **antes do 7 de xullo de 2020** os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2019/20 (está excluído desta obriga os alumnado de 1º e 2º de primaria e o alumnado de necesidades educativas especiais). **Xa informaremos do proceso de devolución.**

#### Lugar e prazo de presentación:

Na secretaría do centro **do 20 de maio ao 19 de xuño** do presente ano, en horario de 10:30 h a 14:00 h.

#### Documentos que se deben de presentar:

**A SOLICITUDE será ÚNICA para TODOS OS FILLOS que estean matriculados no NOSO CENTRO docente para o curso 2020/21. Será presentada polos pais/nais ou titores/as do alumo/a e poderá presentarse por dúas vías:**

- **POR VÍA ELECTRÓNICA** ([procedemento ED330B](#)): Utilizando os formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) . Poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica incluíndo o sistema de usuario e Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

- **PRESENCIALMENTE NO CENTRO: Formulario de solicitude asinado polo pai, nai ou titor/a. (Anexo I e II).** O modelo normalizado está dispoñible na Sede Electrónica ou no Centro (tamén na nosa web).
  - **Identidade.** Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar (cando non autoricen a consulta telemática).
  - **Membros computables da unidade familiar.** (acredítase mediante copia do libro de familia onde figuren todos os membros a data **31/12/2018**). Se non coincidira: sentenza de separación; carta de convivencia; informe dos servizos sociais.
  - **Grao de discapacidade emitido polo órgano competente** da condición de perceptor de pensión da Seguridade Social.
  - **Renda familiar,** copia da declaración ou certificado tributario (**se autorizan a consulta telemática non é necesario presentar a declaración do IRPF**).
  - **Violencia de xénero,** calquera das formas previstas no artido 5 da Lei 11/2007 de 27 de xullo.
  - **Incapacidade Xudicial** (coa correspondente resolución).
  - **Tutela ou garda da Xunta de Galicia** (Resolución xustificativa ou carta do centro de menores).
- **Cálculo da renda per cápita:** é a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables (o pai, a nai o alumno/a e irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar **a 31 de decembro do ano 2018** ou maiores de 25 anos que teñan algún tipo de discapacidade). Os membros cunha discapacidade igual ou superior ao 33% computarán por dous membros da unidade familiar.
- **Renda familiar:** os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2018, **sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro)** da declaración.

	Menor ou igual a 6.000 €	De 6.000 € a 10.000 €	Menor ou igual a 6.000 €
CURSOS	LIBROS DE TEXTO		MATERIAL
1º e 2º E. Primaria	210 €	140 €	50 €
3º e 4º E. Primaria	Fondo: 6 libros	Fondo: 4 libros	50 €

- **COVID-19. PROTOCOLO ATENCIÓN AS FAMILIAS: recomendable a cita previa no teléfono do centro 982 594406. Obrigatorio o uso de mascarilla, respetar as distancias, sinalización e indicacións.**

✓ **Curso 2020/2021: Cursos ESO (actualmente 6º E. Primaria no noso Centro)**

**Prazo e lugar para a presentacións de solicitudes:**

- Dende o **20 de maio ao 19 de de xuño de 2020**, ámbolos dous inclusive.
- Na Secretaría do Centro Escolar no que foron admitidos para o curso 2020/2021.

O Equipo directivo

19/05/20